



O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

OCTAVARIO DE ORACIÓN POLA UNIDADE DOS CRISTIÁNS 2020

“Tratáronos cunha humanidade pouco corrente” (Feit 28,2)

Queridos diocesanos:

Sempre habemos de rezar pola unidade dos cristiáns. Esta é a invitación que nos fai a Igrexa ao celebrar o Octavario de Oración que se celebra desde o 18 ao 25 de Xaneiro. Este ano foron os cristiáns de Malta e de Gozo quenes prepararon os materiais para as celebracións destas xornadas. Alí ten lugar a festa do *Naufraxio de San Paulo* que providencialmente posibilitou a chegada da fe cristiá a esas illas.

Providencia de Deus e humanidade

Nos Feitos dos Apóstolos, despois do naufraxio que padeceron Paulo e outros prisioneiros na viaxe cara a Roma, nárrasenos que *“xa a salvo en terra, soubemos que a illa se chamaba Malta. Os nativos tratáronos cunha humanidade pouco corrente: acenderon un lume e acolléronnos a todos, pois chovía e ía frío”* (Feit 28,1-2). Este é a pasaxe bíblica que se pon á nosa consideración, subliñando dous aspectos que son substanciais e significativos no dinamismo da peregrinación ecuménica. Por unha banda a providencia de Deus tan presente na historia da Igrexa e conseguintemente no discorrer temporal da mesma. Por outro a hospitalidade con que habemos de percorrer ese camiño xuntos para chegar á unidade de todos os cristiáns.

Na nosa diocese estamos a preparar xa a celebración do Ano Santo Compostelán 2021. Na acollida dos moitos peregrinos que chegan a Santiago percibimos que algúns son doutras relixións, ou que sendo cristiáns non son católicos. O lema deste Octavario lémbra-nos que habemos de acollelos con toda solicitude, ofrecéndolles nosa hospitalidade material e espiritual.

Animar unha cultura de encontro

Non poucas veces lamentamos os nosos incumprimentos en relación a ese proceso de facer realidade a unidade dos cristiáns. Habemos de avivar a esperanza, sabendo que chegará o momento en que nos reuniremos como irmáns reconciliados aos que Deus Pai sae ao encontro. Esta inquietude hanos de manter perseverantes na oración pola Unidade, atentos ás chamadas do


Señor e convencidos da súa providencia misericordiosa: *"Ti guiaches con amor o pobo rescatado, coa túa forza leváchelo onda a túa sagrada morada"* (Ex 15,13).

Un dos referentes máis repetidos no camiño ecuménico é a oración de Xesús na última Cea: *"E non che rogo só por estes, senón tamén polos que han de crer en min pola palabra deles; que todos sexan un, coma ti, Pai, en min, e eu en ti; que tamén eles sexan un en nós, para que o mundo crea que ti me mandaches"* (Xn 17,20-21). Con estes sentimentos oramos dando grazas polos dons recibidos en favor da Unidade dos cristiáns, pero tamén pedindo avanzar nese ecumenismo espiritual que, uníndonos na oración con aqueles de quen estou distantes, fainos camiñar por vías distintas pero cara a un Oriente común que é Cristo resucitado. Esta esperanza guíanos no noso peregrinar sosegado unhas veces e impaciente outras no compromiso ecuménico.

Exhortación

Sigamos dando pasos cun espírito misioneiro no camiñar da fe das nosas comunidades e igrexas. Fagámolo coa conciencia de que peregrinamos nun camiño que vén de Deus, e a Deus leva, acompañados por Cristo, a quen, como peregrino ao noso lado, atopamos como os discípulos de Emaús, resucitado de entre os mortos. A El, o Añor que nos chama a reconciliarnos, dirixímonos deixando atrás medos e derrotismos e sentándonos xuntos a compartir a cea cando a tarde das nosas dúbidas, medos e inquietudes está a caer.

Na festa do Bautismo do Señor, saúdavos con afecto e bendí no Señor



+ Julián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela.